



Alberto Cabada Fernández
Departamento de Análise Matemática,
Facultade de Matemáticas,
Universidade de Santiago de Compostela,
Santiago de Compostela.

Páxina Web: <http://webspersoais.usc.es/persoais/alberto.cabada/en/index.html>

Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela dende novembro de 2010. Anteriormente foi Profesor Asociado (1989-1992), Profesor Titular de Universidade Interino (1992-1994), e Profesor Titular de Universidade (1994-2010).

A súa liña de investigación diríxese á análise non lineal. Obtivo resultados de existencia e multiplicidade de solución en ecuacións diferenciais, tanto ordinarias como en derivadas parciais, así como en ecuacións en diferenzas e fraccionarias. As técnicas usadas baséanse fundamentalmente en métodos topolóxicos e iterativos. Unha parte importante da súa investigación céntrase no estudo tanto cuantitativo como cualitativo das denominadas funcións de Green. Apartado sobre o que desenvolveu software específico para o seu cálculo explícito.

É autor de 130 artigos de investigación indexados no Citation Index Report. Entre as revistas nas que publicou, mencionamos Applied Mathematics and Computation, Computers and Mathematics with Applications, Fractional Calculus and Applied Analysis, Journal of Differential Equations, Journal of Mathematical Analysis and Applications, Nonlinear Analysis. Theory, Methods & Applications ou Nonlinear Analysis. Real World and Applications.

É autor de dúas monografías publicadas pola editorial Springer.

Figura como un dos matemáticos máis citados do mundo segundo o Essential Science Indicators do Institute of Scientific Information (ISI) de Filadelfia. O índice de Hirsch (índice h) é, segundo este instituto, de $h=25$.

Ten impartido 4 conferencias plenarias e 35 invitadas en congresos internacionais, entre os que citamos, as series Equadiff, AIMS ou World Congress of Nonlinear Analysts.

Dirixiu catro teses de doutoramento.

É membro do comité editorial de tres revistas de investigación indexadas do Citation Index Report.

Formou parte do comité organizador de oito congresos internacionais e do comité científico de catro.

Foi secretario da Facultade de Matemáticas e director do Departamento de Análise Matemática da Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade dirixe o Instituto de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015